



**1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN DO CONVENIO DE ADHESIÓN Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.** O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da **Comisión de Urbanismo** do **23 de abril de 2018**.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, explicou que se trata dun convenio de adhesión, polo que o Concello de Sanxenxo delega na APLU competencias en materia de infraccións, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade no solo de núcleo rural, porque no solo rústico xa era competente a APLU, respecto dos actos suxeitos a licenza, engadindo que o 10% do recadado, tanto no solo de núcleo rural como no solo rústico, por sancións ou multas coercitivas, pasará ao concello.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, indicou que a posibilidade de subscribir este convenio existe desde a propia creación da APLU, no ano 2007 e cre que só dous concellos desta provincia suscribírono, preguntando porque se fai agora. A interveniente entendía que era porque o PP xa estaba en campaña e, con esta medida, ía evitarse enfrontamentos cos veciños, ademais liberaría de carga de traballo aos técnicos de urbanismo, que poderían dedicarse a tarefas moito máis proveitosas para o grupo de goberno, pero isto ten un prezo que acaban pagando os veciños, o afastamento da administración e, aínda que a anterior interveniente comentou que se ía seguir asesorando aos veciños, o certo é que no urbanismo tamén existen diferentes criterios interpretativos e o asesoramento que se de aquí, non ten porque coincidir co da APLU, polo que se está xerar inseguridade.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, aludiu a que a opción da adhesión ao convenio da APLU, existe desde a súa creación, non entendendo o interese en facelo agora, lembrando que neste concello houbo moitos problemas urbanísticos da época dos gobernos do PP, mesmo co actual alcalde e isto é unha forma de sacarse os problemas de encima e librarse da confrontación, pero o certo é que, unha vez asinado, terá repercusións para os veciños afectados, que antes podían vir falar aquí, agora non terán esa cercanía e non saberán onde terán que ir, engadindo que ía votar a favor, pero non ten claro como funcionará.

A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto**, destacou que estes convenios naceron para axudar a concellos pequenos, de menos de 5.000 habitantes e aquí existe un departamento de urbanismo cunha concelleira ao fronte que sabe dos expedientes, non como antes, técnicos e un servizo xurídico, polo que ve innecesario este convenio. A concelleira no uso da palabra resaltou que outros concellos se adheriron noutras condicións, ingresando o 50 % das sancións e aquí só van a dar o 10 %, cun límite de 30.000 euros ao ano, parecendo que collimos o convenio para tontos. A interveniente finalmente sinalou que votaría en contra da proposta e que está de acordo en que os prexudicados ían ser os veciños de Sanxenxo, porque non terán a quen dirixirse e non cre que poida existir coordinación coa APLU.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, incidiu en que isto suporía un afastamento do servizo, ata agora os veciños que tiñan que facer recursos ou alegacións nos expedientes de infracción urbanística nas zonas de núcleo rural, viñan ao concello, co que, a partir da sinatura do convenio, existirá un distanzamento coa administración que terá que resolver, parecéndolle curioso como en temas de competencia autonómica, como a educación, tratan de que estea baixo o amparo municipal e resulta que agora, o actual alcalde, fundador no seu día da Xerencia de Urbanismo, fai una enmenda a

totalidade e dismantela, en termos de disciplina urbanística, toda aquela infraestrutura. Á parte do anterior, o interveniente denunciou o intento de derivar sospeitas sobre os núcleos rurais, cando as indemnizacións que sufrimos están relacionadas con problemas en zonas urbanas consolidadas e, as veces, non consolidadas. Finalmente o concelleiro no uso da palabra afirmou que isto non ten mais sentido que contribuir ao financiamento da APLU e evacuar incomodidades para outros, aludindo a que no convenio se pide a colaboración do concello en termos de persoal, o que semella curioso, non sabendo cantos dispositivos van destinar á inspección, carecendo todo de viabilidade como para que o apoien.

A **Sra. Deza Martínez** precisou que a colaboración entre administracións era una obriga legal, non polo convenio e que a delegación de competencias era en zonas de núcleo rural, para cuestións suxeitas a licenza, as que vaian a través de comunicación previa seguirán sendo municipais, que son a maior parte das obras que fan os veciños, preguntando se se quere beneficiar ao infractor ou a quen es fan as cousas ben, engadindo que tiña confianza na lei e na xustiza e que había que entender que non se pode facer unha casa sen licenza e iso será o que esté suxeito a infracción, que tramitará a APLU. Respecto ao comentario de que estaban en campaña, sinalou que isto sería o contrario, adherirse a un convenio coa APLU, que para algúns parece o demo, a uns meses das eleccións. A interveniente destacou que o concello vai seguir sendo o fío condutor de calquera cuestión que pase en Sanxenxo, vai ter información ao 100% e destacou que, desde a súa creación, a APLU tiña competencias no solo rústico e, desde o concello, informábase dos expedientes aos veciños e agora dispoñerá de mais información, tendo un enlace directo coa APLU. No que respecta ao afirmado de que se crea inseguridade, dixo que non existen discrepancias cando se fai unha casa sen licenza, porque está claramente especificado na lei. Sobre o manifestado de que os problemas do urbanismo viñan do solo urbano consolidado, indicou que era falso, porque procedían dos solos urbanizables, aludindo a que calquera técnico podería equivocarse, pero que seis ollos ven mais que dous. En canto aos medios que vai utilizar a APLU, precisou que os que teña, ao igual que o concello, lamentando que os que falan de falta de transparencia, agora que se vai a facer algo que dará unha mellor transparencia, van votar en contra, preguntandolle á **Sra. González-Haba Pérez** se non está a favor de que se aplique a lei e de que se sancione ao infractor, rematando a súa intervención para dicir que, co convenio que se asina, ingrésase o 10% dos expedientes sancionadores e das multas coercitivas e os emolumentos serán maiores que antes, cando só recibíase o procedente dos expedientes sancionadores, se le o convenio, entenderao perfectamente.

A **Sra. Rodríguez Búa** preguntou se ata agora non había un control, xa que se está a delegar unha facultade que era do concello, porque parece que a anterior interveniente insinuou que non o había e engadiu que non era o mesmo informar a un veciño ao que lle abren un expediente, que asinar unha resolución co nome e apelido da concelleira ou do alcalde, o que se é incómodo. En canto a inseguridade, vai existir, porque pode suceder, ante unha actuación concreta, que desde o concello se considere suficiente a comunicación previa e a APLU que procede unha licenza, polo que xorde o conflito, se fose o mesmo técnico que vai resolver, non existiría, pero se se disocia entre dúas administracións, vai haber inseguridade.

O **Sr. Agís Balboa**, sinalou que se isto non funciona, parece que podemos recuperar as competencias e que se a APLU ten a responsabilidade de resolver estes problemas, o concello é como un intermediario, sendo mellor ir directamente á APLU, sen intermediarios. En canto aos medios, asumo que a Xunta os ten suficientes, non vaia a ser que, despois desde o concello se

teña que facer o traballo e a APLU só veña a asinar, porque entón non se avanzou nada. O interveniente dixo que tamén había problemas no solo urbano, non só no rural, onde se se ten un galpón, pode que se teña que pagar ou tiralo, pero tamén existen edificios no solo urbano que se teñen que tirar, pasan os anos e a construción segue ahí. Finalmente manifestou que ía votar a favor da proposta, entendendo que había que evitar os amiguismos e agardando que o diñeiro que se ingrese, reverta aos veciños.

A **Sra. González-Haba Pérez** indicou que estaba de acordo en facer as cousas conforme á lei, pero se agora se vai a APLU é que o concello non o facía ase e aludiu a que na web da APLU e nunhas charlas en Pontevedra, falouse de vixiar muros e galpóns, mesmo incluír obras que non necesitan licenza, rematando para dicir que o cidadán está moi desfavorecido, porque antes tiña a cercanía do concello e agora afástase moito.

O **Sr. Otero Domínguez** manifestou que se algo caracterizou a APLU e por non facer o seu traballo, porque é evidente que en zonas rústicas, que sempre foron da súa competencia, chegaronse a facer obras completas de vivendas, sendo coñecida esa institución polas multas coercitivas que impón, que é unha formula de financiación, estando en cuestión a súa eficacia. O interveniente dixo que había unha saturación na asesoría xurídica en disciplina urbanística, crendo que se asina este convenio para liberar aos asesores xurídicos e rematou para afirmar que a APLU non é precisamente un exemplo de bo traballo a nivel autonómico e que a inseguridade tamén é froito de sucesivos cambios legislativos na lei do solo.

A **Sra. Deza Martínez** aclarou que dixo que, de acordo coa lei, non se debe beneficiar ao infractor, que desde o concello se fai ese control e o saben todos, porque formaron parte do goberno municipal, engadindo que é certo que estaba saturado o servizo xurídico e que, con este convenio, o que se busca é reforzar a prevención. Respecto do dito pola **Sra. González-Haba Pérez** sobre as actuacións da APLU, precisou que o manifestado polo Director deste ente, era que ían intentar tamén asumir competencias en materia de comunicación previa en concellos menores de 5.000 habiantes, polo que non afecta a Sanxenxo e recalcou que, aínda nin sequera para eses concellos, estaba asumida. Finalmente indicou que este convenio ía ser bo, a efectos de mellorar o control que xa se estaba a facer.

Rematado o debate o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Sr. Agís Balboa do Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 5 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sra. González-Haba Pérez do Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).**

**Abstencións: 0.**

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

**“PRIMEIRO:** aprobar o **Convenio de adhesión á Axencia de Protección da Legalidade**

**Urbanística co obxecto da incorporación e adhesión do Concello de Sanxenxo como membro da APLU e para a delegación de competencias do concello na mesma APLU.**

**SEGUNDO:** facultar ao Sr. **Alcalde-presidente, D. Telmo Martín González**, para a sinatura de cantos documentos fosen necesarios para a execución deste acordo.”-----

**2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA CAMBIO DE USO DO EQUIPAMENTO E98-CC EN O POMBAL-ADINA.** O Sr. **Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión de Urbanismo** do 23 de abril de 2018. O Sr. **Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión de Urbanismo** do 23 de abril de 2018.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, precisou que se trataba de ampliar o uso, para procurar a instalación do parque canino

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, comentou que se alegraba que por fin vaia adiante este proxecto, iniciado pola **Sra. González-Haba Pérez**, agardando que non se tarde outro ano en facer realidade o parque canino.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, indicou que lle parecía ben que o fagan ahí, xa que non había outro sitio, non vaia pasar como coa praia canina, que parece que queda para despois das eleccións, cando se debía facer xa. O interveniente recalcou que o parque o piden as asociacións involucradas no tema dos animais e, nesa zona, hai aparcadoiros, está a casa da cultura, coa cafetería e non se molesta á xente, agardando que se faga ben, separándoo do parque infantil, para que non existan problemas cos rapaces e mesmo cun seguro.

A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto**, explicou que todo o mundo fala do parque canino sen coñecer o proxecto, porque dispón dun valo que delimita o parque, para que os cans non poidan saltalo, especificando que o parque non era unha gardería é os propietarios tiñan que estar cos animais, non podendo deixar sós aos cans. Á interveniente pareceulle ben que se faga, pero non o sitio elexido, porque o anterior estaba previsto para que tanto os veciños de Sanxenxo, como os visitantes puidesen ir, pero estes últimos non coñeceran o sitio, engadindo que desde o goberno se están a tomar moitas molestias para que fracase un proxecto que ela impulsou, polo que vai votar en contra.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, aludiu a que este parque deu moitas voltas e, ao final, neste sitio terán que ampliar o aparcadoiro, porque a xente vai ter que ir en coche cos cans, engadindo que o normal sería facelo nun entorno no que habiten as persoas, en cambio cada vez afástase mais, non tendo en conta a proposta inicial que no seu día fixo a anterior Concelleira de Medio Ambiente, para rematar dicindo ao goberno que se decida dunha vez e que o fagan o mais accesible posible á xente.

A **Sra. Deza Martínez** manifestou que non lle parecía afastado Adina e se preguntaron aos veciños de Baltar se querían o parque, porque a este goberno o que lle dixeron era que na antiga ubicación non podía estar, porque había un campo de fútbol no que entrenan os nenos, un parque infantil, un instituto, polo que non o querían de ningunha maneira, en cambio os veciños de Adina, despois de consensualo, se estaban de acordo.

O **Sr. Agís Balboa** preguntou á **Sra. González-Haba Pérez** se tiña un can na casa, porque el se o ten e, de vez en cando, sae, explicando o que é capaz de saltar, en canto a localización, cre que a xente que ten cans coñeceraa e iran, tendo ademais onde aparcar, mesmo no verán, non como noutras ubicacións e, senón, sempre se pode ir andando, facendo un pouco de deporte.

A **Sra. González-Haba Pérez** preguntou ao anterior inteveniente se tiña un can ou a un superheroe.

Rematado o debate o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Sr. Agís Balboa do Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 1 (Sra. González-Haba Pérez do Grupo Municipal Mixto).**

**Abstencións: 4 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).**

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

“**Cualificar a total parcela na que actualmente se sitúa a Casa da Cultura de Adina como equipamento cívico-cultural e deportivo, pasando a denominarse “E-98-Cívico-Cultural e Deportivo” (E-98-CC e DEP), dentro do ámbito de aplicación da ordenanza nº 11 do PXOM de Sanxenxo.**”-----

**3.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA RÚSTICA E URBANA. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 23 de abril de 2018.**

O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, explicou que se traían unhas modificacións de ordenanzas, para a adhesión a un protocolo de actuación da Xunta cos concellos, para intentar fixar empresas e fomentar o emprego, con bonificacións que dependeran do número de empregos que xere cada empresa, á parte dos beneficios que terá o propio concello para acceder a subvencións, obter maior puntuación en procesos de concorrencia competitiva ou a integración no Observatorio de Solo Empresarial de Galicia, entendendo que é un incentivo para tener o maior número de empresas posible.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, precisou que as iniciativas para o fomento do emprego parécenlle estupendas, pero non está de acordo coa forma de levala á práctica. En primeiro lugar sinala que os concellos, nas súas ordenanzas, poderán poñer ata un máximo do 95% de de bonificación, pero sen fixar parámetros, deixando liberdade aos concellos para adecuarse a súa realidade e, no noso caso, non existe precisión. A concelleira no uso da palabra dixo que sen proporcionalidade non hai beneficio fiscal, que é un principio básico en dereito fiscal, porque a diferenza nun traballador supón un beneficio dun 25 % a maiores, a partir de dez

traballadores. Tamén considera que a súa configuración réstalle aplicabilidade, polo feito de que neste concello só debe haber unha empresa que pague o IAE, ademais de imprecisións respecto da súa aplicación, aludindo a unha pregunta que fixo na comisión e que non se lle soubo responder, porque non estaba claro, sinalando que a iniciativa está ben, pero falla á aplicación práctica.

**O Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal do Grupo Mixto,** destacou que lle gustou o apuntado pola anterior interveniente no da proporcionalidade e que tampouco lle agradou o nome desta iniciativa, porque parece que son os concellos os que fan negocios e non as empresas, ase como que o maior beneficio sexa para as grandes empresas, agardando que isto non se convirta nunha marca. Finalmente dixo que lle parecía ben que se fomente o emprego e que se axude á xente que crea traballos anuais, porque esta é unha das lacras que existen nun concello como este, onde moitas persoas viven dun ou dous meses do verán.

**A Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto,** manifestou que a creación de empresas e de postos de traballo parécelle moi ben e pediu que se publicite suficientemente, porque as bonificacións teñen que pedilas os interesados.

**O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego,** sinalou que discrepaban desta proposta pola cuestión da proporcionalidade, que emana do propio convenio Xunta-FEGAMP, porque beneficia ás empresas que teñen unha mellor conta de resultados, en cambio prexudica aos pequenos empresarios, que aguantaron a duras penas co comercio aberto e que, en todo caso, só beneficiaríanse da bonificación mais baixa, o que adoce dunha xustiza razoable. O interveniente proseguiu dicindo que non se aporta nada en materia de seguridade laboral para asegurar o traballo no futuro, ao non ter compromiso cos contratos indefinidos, finalizando o seu turno para lembrar que a Lei de Facendas Locais contempla unhas bonificacións que poderían chegar ao 90 ou 95 % da poboación de Sanxenxo e, agora que se poden facer pola modificación das condicións económicas que permiten un desbloqueo do Plan de Axuste, non figuran na proposta, polo que considera que esa non é unha das súas prioridades.

**O Sr. Guisasola Padín** indicoulle ao anterior interveniente que pode que para el non fose prioritario xerar emprego, pero se se crea, entón xérase de todo. A continuación explicou que unha persoa que teña un contrato laboral de mais dun ano, automaticamente pasa a ser fixo e aquí se esixen tres anos. Falouse que só se vai a beneficiar as empresas coa mellor conta de resultados, precisando que oxalá se montasen aquí empresas dese tipo e precisando que a proporcionalidade pode contemplarse de distintas formas e hai que esperar a como se aplica na práctica e entón verase todo, lembrando, por último, que esta proposta ven dun acordo coa FEGAMP, figurando adheridos mais de 24 concellos.

Rematado o debate o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 13 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal do Bloque Mixto).**

**Votos en contra: 3 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

**Abstencións: 1 (Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).**

En consecuencia, **o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

**“PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto de Bens Inmóveis de Natureza Urbana e Rústica engadindo os parágrafos 4, 5 e 6 do artigo 4 da ordenanza que terán a seguinte redacción:

**“ARTIGO 4.4**

Establécese unha bonificación da cota íntegra a favor de inmóveis urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancia de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego. As porcentaxes de bonificación son as seguintes:

-Dun 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.

-Dun 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.

-Dun 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

No caso de ampliación das instalacións a creación de emprego deberá supoñer, alomenos, un incremento do 50% do número de traballadores da plantilla inicial. Os postos creados, tanto no suposto de nova actividade económica como no de ampliación de instalacións, deben ser pola totalidade da xornada laboral e por todo o período anual, sen interrupcións.

As anteriores bonificación, que manteranse durante tres exercicios orzamentarios para o suxeito pasivo, concederanse a petición do interesado, unha vez que acredite que se cumpren as condicións requiridas para seren beneficiario das mesmas e quedarán sen efecto de non cumprirse as condicións por razón das cales se concederon as mesmas.

Considerarase que existen circunstancias de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego cando se creen novos postos de traballo.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación no primeiro trimestre do ano no que se apliquen presentando as altas na Seguridade Social e os contratos de traballo dos novos traballadores/as, podendo requirir en calquera momento o Concello de Sanxenxo a documentación que corresponda para a comprobación do mantemento das circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da respectiva bonificación. As solicitudes presentadas fóra do primeiro trimestre do ano producirán efectos no exercicio seguinte.

Para poder gozar da bonificación prevista neste parágrafo, o suxeito pasivo beneficiario deberá estar ao corrente do pagamento das súas débedas con Facenda Estatal, Autonómica e Local así



como das cotas correspondentes á Seguridade Social.

Corresponde ao pleno de concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego así como o outorgamento de ditas bonificacións, debendo contar co voto favorables da maioría simple dos seus membros.

#### **ARTIGO 4.5**

Establécese unha bonificación do 80% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles con construcións ou instalacións vinculadas agrícolas ou gandeiras que sexan declaradas de utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais regulada no artigo 74.2 quáter do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Esta bonificación concederáse a petición do interesado e sempre que o uso principal do inmovible sexa o agrario segundo os datos que se reflectan no Catastro.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación dentro do primeiro trimestre de cada ano natural acreditando estar ao corrente no pagamento das súas débedas con Facenda Estatal, Autonómica e Local así como das cotas correspondentes á Seguridade Social.

Corresponde ao pleno de concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais así como o outorgamento de ditas bonificacións, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Acordada a bonificación polo pleno, permanecerá a mesma durante as anualidades seguintes mentres se cumpran os requisitos que motivaron o outorgamento de dita bonificación.

#### **ARTIGO 4.6**

As bonificacións establecidas neste artigo non serán compatibles entre si nin acumulables.”

**SEGUNDO:** Expoñer ao público a modificación inicialmente aprobada durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio de exposición pública no BOP, para a presentación de reclamacións e suxestións.

**TERCEIRO:** No caso de non presentarse reclamacións entenderase elevado a definitivo o acordo inicialmente aprobado sen necesidade de acordo plenario. O texto íntegro da modificación da ordenanza fiscal definitivamente aprobada será publicado no BOP e non entrará en vigor ata que se produza a súa publicación.”-----

**4.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.** O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 23 de abril de 2018.

Non se produce debate e o Sr. Presidente someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte

resultado:

**Votos a favor: 13 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal do Bloque Mixto).**

**Votos en contra: 3 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

**Abstencións: 1 (Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).**

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto de Actividades Económicas e así os artigos seguintes quedan redactados así:

#### **ARTIGO 1º.-DISPOSICIÓN XERAL**

No uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co establecido nos artigos 15.2 e 59.1 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Sanxenxo regula o Imposto sobre Actividades Económicas, que se esixirá conforme ao disposto no citado texto refundido, na presente ordenanza e no resto da normativa aplicable.

#### **ARTIGO 2º.-NORMATIVA APLICABLE**

A natureza, feito imponible, exencións, suxeitos pasivos, cota tributaria, período impositivo, así como os réximes de administración e xestión deste imposto regúlanse segundo o disposto no R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e nas demais disposicións complementarias e de desenvolvemento da lei, tanto de rango legal como regulamentario, ademais do establecido nesta Ordenanza.

#### **ARTIGO 3º.-COEFICIENTES DE SITUACIÓN.**

De conformidade co disposto no artigo 87 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aplicarase sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación establecida no artigo 86 do citado texto legal, un coeficiente único de 1 para todas as actividades exercidas neste termo municipal.

#### **ARTIGO 4º.-BONIFICACIÓNS.**

Os suxeitos pasivos terán dereito ás bonificacións previstas no artigo 88.1 do R.D. Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En particular establécese unha bonificación da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancia de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade

económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego. As porcentaxes de bonificación son as seguintes:

-Dun 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.

-Dun 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.

-Dun 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

No caso de ampliación das instalacións a creación de emprego deberá supoñer, alomenos, un incremento do 50% do número de traballadores da plantilla inicial. Os postos creados, tanto no suposto de nova actividade económica como no de ampliación de instalacións, deben ser pola totalidade da xornada laboral e por todo o período anual, sen interrupcións.

As anteriores bonificacións, que manteranse durante tres exercicios orzamentarios para o suxeito pasivo, concederanse a petición do interesado, unha vez que acredite que se cumpren as condicións requiridas para seren beneficiario das mesmas. Quedarán sen efecto de non cumprirse as condicións por razón das cales se concederon as mesmas.

Considerarase que existen circunstancias de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego cando se creen novos postos de traballo.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación no primeiro trimestre do ano no que se aplique presentando as altas na Seguridade Social e os contratos de traballo dos novos traballadores/as, podendo requirir en calquera momento o Concello de Sanxenxo a documentación que corresponda para a comprobación do mantemento das circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da respectiva bonificación. As solicitudes presentadas fóra do primeiro trimestre do ano producirán efectos no exercicio seguinte.

Para poder gozar da bonificación prevista neste parágrafo, o suxeito pasivo beneficiario deberá estar ao corrente do pagamento das súas débedas con Facenda Estatal, Autonómica e Local así como das cotas correspondentes á Seguridade Social.

Corresponde ao pleno de concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego así como o outorgamento de ditas bonificacións, debendo contar co voto favorables da maioría simple dos seus membros.

As bonificacións establecidas neste artigo non serán compatibles entre si nin acumulables.””

**SEGUNDO:** Expoñer ao público a modificación inicialmente aprobada durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio no taboleiro de anuncios, no B.O.P. e nun dos diarios de maior difusión da provincia, para a presentación de reclamacións e suxestións.

**TERCEIRO:** No caso de non se presentar reclamacións entenderase elevado a definitivo o acordo inicialmente aprobado sen necesidade de acordo plenario. O texto íntegro da ordenanza

fiscal definitivamente aprobada será publicado no BOP e non entrará en vigor ata que se produza a súa publicación.”-----

**5.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.** O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da **Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 23 de abril de 2018.**

Non se produce debate e o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 13 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal do Bloque Mixto).**

**Votos en contra: 3 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

**Abstencións: 1 (Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).**

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

**“PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras para que os parágrafos 2 e 3 e do artigo 7º da ordenanza teñan a seguinte redacción:

**Artigo 7º.2**

Establécese unha bonificación de ata o 95% a favor das construcións instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade pública municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais ou histórico-artísticas que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración, así como o establecemento da porcentaxe aplicable, ao pleno da corporación e acordarase previa solicitude do suxeito pasivo e previa proposta da alcaldía/presidencia, -que tamén propoñerá a bonificación a aplicar a cada caso-, co voto favorable da maioría simple dos seus membros. Esta bonificación deberá ser solicitada no mesmo intre no que se solicite a licenza de construción, ou se rexistre a comunicación previa, acreditando fidedignamente o carácter non lucrativo da construción, instalación ou obra e o seu destino social, cultural ou histórico-artístico.

**Artigo 7º.3**

Establécese unha bonificación da cota correspondente para as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 103.2.a) do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego. As porcentaxes de bonificación son as seguintes:

-Dun 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.

-Dun 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.

-Dun 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

No caso de ampliación das instalacións a creación de emprego deberá supoñer, alomenos, un incremento do 50% do número de traballadores da plantilla inicial. Os postos creados, tanto no suposto de nova actividade económica como no de ampliación de instalacións, deben ser pola totalidade da xornada laboral e por todo o período anual, sen interrupcións.

As anteriores bonificacións manteranse durante os anos 2018, 2019, 2020 e 2021 e concederanse a petición do interesado, unha vez que acredite que se cumpren as condicións requiridas para seren beneficiario das mesmas. Quedarán sen efecto de non cumprirse as condicións por razón das cales se concederon as mesmas. Ditas condicións deberán manterse durante os tres anos seguintes á concesión da bonificación.

Considerarase que existen circunstancias de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego cando se creen novos postos de traballo.

No caso de que a creación de postos de traballo non poda xustificarse no intre da concesión da licenza, ou da comprobación da comunicación previa no seu caso, xustificarse dende o intre da alta no Imposto sobre Actividades Económicas e un prazo máximo de seis meses

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación presentando as altas na Seguridade Social e os contratos de traballo dos novos traballadores/as, podendo requirir en calquera momento o Concello de Sanxenxo a documentación que corresponda para a comprobación do mantemento das circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da respectiva bonificación.

Para poder gozar da bonificación prevista neste parágrafo, o suxeito pasivo beneficiario deberá estar ao corrente do pagamento das súas débedas con Facenda Estatal, Autonómica e Local así como das cotas correspondentes á Seguridade Social.

Corresponde ao pleno de concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego así como o outorgamento de ditas bonificacións, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros”.

**SEGUNDO:** Expoñer ao público a modificación inicialmente aprobada durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio no taboleiro de anuncios, no B.O.P. e nun dos diarios de maior difusión da provincia, para a presentación de reclamacións e suxestións.

**TERCEIRO:** No caso de non presentarse reclamacións entenderase elevado a definitivo o acordo inicialmente aprobado sen necesidade de acordo plenario. O texto íntegro da modificación da ordenanza fiscal definitivamente aprobada será publicado no BOP e non entrará en vigor ata que se produza a súa publicación.”-----

**6.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DO SERVIZO PÚBLICO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA.** O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da **Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio** do **23 de abril de 2018**.

O Sr. **Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, explicou que existe un convenio coa Deputación, en virtude do cal, ata finais do 2017, o ente provincial facíase cargo do 34% do servizo e o concello do 66% restante, agora a Deputación custea o 50 % e o concello o 50 %, mentres que o usuario asume o custo do 50 % do que lle correspondía ao concello, polo que agora pasa do 33 % ao 25 % e, coa novidade, de que aos que pasan do 100 ao 105 do IPREM, antes cobrábaselles o 10 % e, agora, queda nun 6 %.

A Sra. **Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, agradeceu á Deputación o esforzo feito ao aumentar a parte que asume do custo deste servizo, lamentando que o concello non tome exemplo, porque ante o esforzo do organismo provincial, o concello, como mínimo, podía quedarse asumindo o mesmo que agora, co que o custo que asume a Deputación, repercutiríase no usuario, que pasaría do 25 % ao 17 %, pero esta non é a proposta deste goberno, o que lamenta

O Sr. **Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que o concello debe investir nestes servizos porque son moi necesarios.

A Sra. **González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto**, indicou que estaba de acordo co comentado pola Sra. **Rodríguez Búa**, xa que sería moi bo que, ante o feito pola Deputación, tamén o concello realizase un esforzo, que non sería tal, xa que quedaría como estaba, engadindo que é un servizo destinado a persoas maiores que viven soas e calquera axuda é pouca, rematando para dicir que a addenda entrou no concello o 19 de decembro de 2017, houbo un pleno ordinario o 26 de marzo de 2018 e non se trouxo, polo que parecebque moita présa non había.

A Sra. **Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, aludiu a que cambiaron as porcentaxes que aportan Deputación, concello e usuarios e, como dixo a Sra. **Rodríguez Búa**, sería importante que o concello fixese un esforzo a maiores, tendo en conta que a addenda está informada desde o 4 de agosto, que chegou en decembro e houbo plenos en xaneiro e en marzo e non se trouxo, cando desde o 2 de xaneiro deste ano, a totalidade do servizo costa un 30 % menos, pasando dos 21 euros de custo por usuario e mes, a 14,54 euros, para 30 ou 32 persoas usuarias no ano 2017, con 237 chamadas de teleasistencia. A concelleira no uso da palabra finalizou indicando que, dado que este servizo, aínda que non multitudinario, se é necesario, estaría ben que o concello fixese un esforzo de abonar o 100% das persoas usuarias, sobre todo polo dito da rebaixa do 30 % do prezo.

O Sr. **Guisasola Padín**, sinalou que estas reflexións podíanas facer nas comisións e puntualizou que se reduce o custo a todos os usuarios e para os mais necesitados pásase dun 2 % ao 0 %.

O Sr. **Agís Balboa**, dixo que non era afín á gratuidade total, por suposto que se para as familias mais necesitadas, pero para que o servizo sexa mellor e con mais responsabilidade da xente, está ben o copago, aínda que sexa mínimo, para evitar asemesmo que estes servizos, dentro dun anos,

sexan inasumibles para as administracións.

A **Sra. Rodríguez Búa**, respecto do manifestado polo **Sr. Guisasola Padín** sobre que non se facían aportacións en comisión, indicou que a realizaba agora e podían emendar a proposta e aprobala ou modificala e traela a outro pleno, porque aínda se está a tempo.

A **Sra. Fernández Agraso** reiterou que coa baixada tan grande do 30 %, o concello podía facer unha rebaixa moito maior, gastando basicamente o mesmo que o ano pasado e polo tanto sen facer un esforzo, o que sería moi bo para as persoas usuarias dun servizo totalmente necesario e que permite que estean intercomunicadas e teñan unha mellor calidade de vida, engadindo que as persoas que gañan moito, seguramente terán outro tipo de servizo que non sexa a teleasistencia.

O **Sr. Presidente** especificou que o concello dedica unha parte importante dos impostos a temas sociais, pero que había unha cuestión coa que non estaba de acordo e sobre a que se debería profundizar, como era a renta familiar coa que se fan as valoracións, posto que hai bastante engano, que prexudica a persoas que o necesitan.

Rematado o debate o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, que foi aprobada por **unanimidade**.

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

**“PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación dos artigos 6, 7 e 9 da Ordenanza Fiscal do Servizo Público de Teleasistencia Domiciliaria que pasan a ter o seguinte redacción:**

#### **ARTIGO 6.-PERDA DA CONDICIÓN DE USUARIO.**

A condición de usuario do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria poderá perderse por calquera das seguintes causas:

- a) Falecemento do usuario.
- b) Rexeitamento voluntario.
- c) Ingreso definitivo nunha residencia de convivencia ou institución similar.
- d) Cambio significativo, con carácter permanente, das circunstancias persoais que deron lugar á instalación de teleasistencia.
- e) Entorpecemento grave do labor dos profesionais que levarán a cabo o servizo.
- f) Por falta de pagamento reiterado da taxa.

#### **ARTIGO 7.-SEGUIMIENTO, REGULARIZACIÓN E AVALIACIÓN.**

En tanto o Concello de Sanxenxo estea adherido ao Convenio coa Deputación de Pontevedra para coordinar o cofinanciamento e o desenvolvemento do Programa de Teleasistencia Domiciliaria, asumirá as cláusulas nel designadas comprometéndose ao seu cumprimento.

Os servizos sociais comunitarios serán os competentes na recepción da demanda dos posibles usuarios de teleasistencia, na solicitude da documentación necesaria, na realización da avaliación social, así como na elaboración da proposta correspondente de inclusión no programa que será asinada pola alcaldía/presidencia.

Todas as reclamacións, queixas ou suxestións sobre o Servizo de Teleasistencia deberán canalizarse a través dos servizos sociais comunitarios do Concello de Sanxenxo.

#### **ARTIGO 9.-COTA TRIBUTARIA E TARIFAS.**

O prezo unitario do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria por usuario e mes será o establecido, para cada unha das modalidades de usuario, polo Convenio asinado entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Sanxenxo para coordinar o financiamento e desenvolvemento do Programa de Teleasistencia Domiciliaria.

Segundo a Addenda nº 1 ao Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Sanxenxo para coordinar o financiamento e desenvolvemento do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria, o Concello de Sanxenxo asumirá o 50% do custo das persoas usuarias que estean dadas de alta no servizo en cada momento. Estas, á súa vez, contribuirán ao programa nun 50% desa achega municipal (o 25% do custo total do servizo), agás no caso de usuarios que vivan sós ou en unidades de convivencia cuns ingresos que non excedan do 105% do IPREM, que quedarán exentos do copagamento.”

**SEGUNDO:** Expoñer ao público a modificación inicialmente aprobada durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio no taboleiro de anuncios, no B.O.P. e nun dos diarios de maior difusión da provincia, para a presentación de reclamacións e suxestións.

**TERCEIRO:** No caso de se presentar reclamacións entenderase elevado a definitivo o acordo inicialmente aprobado sen necesidade de acordo plenario. O texto íntegro da modificación da ordenanza fiscal definitivamente aprobada será publicada no BOP e non entrará en vigor ata que se produza a súa publicación.”----

#### **7.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DE DIFERENTES MEDIDAS DO PLAN DE AXUSTE. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 23 de abril de 2018.**

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, explicou que se trataba da modificación do Plan de Axuste, agora que se podían levantar algunhas restricións, tendo en conta que dúas delas, referentes ao persoal de confianza e aos gastos de limpeza e conserxaería en centros públicos, xa están aplicadas.

A Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita, relatou que a modificación do Plan de Axuste foi unha medida que, no seu día, o anterior Concelleiro de Facenda e a propia interveniente, como Concelleira de Persoal, lle plantearon directamente ao Interventor, que indicou que eran necesarios dous requisitos, a substitución dunha medida por outra e a aprobación do Ministerio. Cando o PP asume o poder plantease o mesmo e entendo que obten a mesma resposta, co que o Sr. Alcalde inicia o expediente e solicita ao Ministerio de Facenda a autorización, contestando desde ese organismo que non era necesaria, pero se a de substituír unha medida por outra, bastando co acordo do pleno, pero lendo a proposta, aparece moitas veces a palabra supresión, pero non está a contramedida. Na comisión fixen esta pregunta e responderon que a contrapartida era o aforro, o que lle xera dúbidas sobre se o aforro é realmente



unha medida, sen que se cuantifique economicamente nin o aforro, nin as supresións, preguntando entón que pasará se despois ese aforro non se produce, a que medida se vai renunciar das que se suprimen agora, se a da subvención dos 30.000 euros para os grupos políticos, que ven aquí despois de que se jactasen de que eran o goberno mais barato, ou que outra. A interveniente rematou dicindo que non se respecta o indicado polo Ministerio de Facenda, non existindo unha contramedida real e cuantificada que xustifique as supresións planteadas.

**O Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, puntualizou que ía absterse neste punto, basicamente porque non está de acordo coa subvención aos grupos políticos, que supón unha asignación mensual por concelleiro, á que o interveniente renunciará ou doará, xa que prefire que se gaste ese diñeiro en temas sociais ou dalo ás asociacións, pero non aos grupos políticos, á parte do que xa se cobra por soldos ou por asistencia a sesións.

**A Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto**, destacou que para ela era un enigma que cando antes non se podía facer unha cousa, agora se, non sendo necesaria a aprobación do Ministerio, correspondendo a responsabilidade ao pleno. En canto á subvención aos grupos políticos, mostrouse en contra, porque non beneficiaba en nada aos veciños, non parecéndolle interesante e, se lle corresponde algo, propoñerá á agrupación do partido que se doe a algunha asociación que o necesite.

**O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, sinalou que o mellor que podía suceder era non ter que falar deste punto porque non existise un Plan de Axuste, que é unha consecuencia das políticas alegres, feitas nunha década na que se viviu na ficción e, cando os ingresos caen, xérase unha situación límite, sobre todo en termos de tesourería, situación que foi corrixida nos anos 2015 e 2016, precisando que se seguisen no goberno, estarían a plantear a supresión, non a modificación, do Plan de Axuste, en base a unha lóxica económica e a un balance definitivo, non traer medidas con bastante improvisación e cuestionables, como noutros puntos deste pleno verase. O interveniente proseguiu dicindo que había apartados non resoltos, relacionados coa tesourería, como a devolución de determinados avais existentes no departamento de urbanismo e a devolución dos ingresos indebidos nas plusvalías, como consecuencia da sentenza do Tribunal Constitucional, previsións que non se fixeron, cando nas contas municipais hai que empezar a contar co que está debaixo do caixón, porque a realidade segue existindo e ao mellor, por imperativo legal, dentro dun ano estamos falando doutra cousa.

**O Sr. Guisasaola Padín**, aclarou que se se cuantifica o que se suprime, reiterando que a medida do persoal de confianza xa se está aplicada, porque por lei a este concello só correspóndenlle dous postos e a de conserxería e limpeza, xa se executou, quedando as medidas 14 e 15, que están cuantificadas. No que respecta ao aforro, o interveniente aludiu a que o informe do Interventor do 7 de marzo indica que os aforros pretendidos no plan de axuste pola medida 1, ascendían a 308.000 euros, quedando un exceso de aforro de 802.302,16 euros sobre o planificado no Plan de Axuste, recomendando que se leran os informes con mais interese. Sobre o manifestado polo anterior interveniente, dixo que oxalá non pasase o Estado Español pola crise que pasou e que provocou que mais dun 50 % dos concellos tivesen que facer un Plan de Axuste, pero tamén é certo que, se se fan estas supresións, é porque fixemos os deberes, cando nos dous anos anteriores de goberno non se fixo nada, nin se adoptou ningunha medida, engadindo que

isto non vai con cargo ao remanente de tesourería e que o Plan de Axuste foi moi duro e, agora, pódense compensar medidas tomadas fai 5 ou 6 anos.

A **Sra. Rodríguez Búa** insistiu na falta de cuantificación, polo que acaba de dicir o anterior interviniente, respecto do exceso de aforro de 800.000 euros, non entendendo que se tamén está cuantificada a outra parte, que sumaría 273.000 euros, porque non suprimen outras medidas. A concelleira no uso da palabra dixo que non saben se isto se vai a producir ou non, polo que non é unha contramedida e non están respectando o que lles indicou o Ministerio de Facenda.

O **Sr. Otero Domínguez**, especificou que para poder plantear unha modificación do Plan de Axuste é necesario contar cun remanente de tesourería positivo e, ao principio do seu goberno, non a podían plantear, porque non o había, xa que non todo se puido resolver nos breves dous anos que gobernaron e, a continuación, preguntou se, a día de hoxe, está cuantificado o que hai que devolver do ingresado indebidamente polas plusvalías, como consecuencia dunha sentenza, tendo en conta que antes non estaba claro como se aplicaba, nin había ningunha directriz pola parte do Ministerio, ata que o aclarou outra sentenza. Por último, o concelleiro no uso da palabra preguntoulle ao **Sr. Guisasola Padín** se tiña cuantificado os depósitos non devoltos do departamento de urbanismo, indicándolle que se poña ao día e, a partir de ahí, pódese falar de medidas, pero coa realidade por diante.

O **Sr. Guisasola Padín** dixo que o parágrafo final do escrito do Ministerio de Facenda, indicaba que tiña que constar o informe favorable do Interventor e aquí figura ese informe.

Rematado o debate o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).**

**Votos en contra: 0**

**Abstencións: 6 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).**

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

**“Aprobar a modificación de determinadas medidas secundarias do plan de axuste a suprimir:**

- Supresión da medida 6 de supresión de persoal de confianza, toda vez que a mesma xa está limitada legalmente pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da administración local que modifica a Lei 7/1985 de 2 de abril.
- Supresión da medida 7 de contratos externalizados, apartado b), cunha cuantificación anual de 80.216,00 euros entre os anos 2015 a 2022. Esta supresión terá efectos a partir do 01.01.2019.
- Supresión da medida 7, apartado c), de limpeza e conserxería de centros públicos, toda vez que

a mesma xa foi adoptada na súa integridade, sendo laboralizado o persoal anteriormente contratado pola empresa, estimando un aforro nunha banda de 400.000,00-500.000,00 euros.

- Supresión da medida 14 de redución de estruturas organizativas da entidade local, cun orzamento de 30.240,00 euros/ano, coa finalidade de arbitrar o establecido na base 29ª de execución do orzamento sobre subvencións a grupos políticos.

- Supresión da medida 15 de redución de prestación de servizos de carácter non obrigatorio e, en especial, referidas as seguintes:

- Actividades extraescolares: 70.000,00 euros/ano
- Programa de adultos: 32.500,00 euros/ano
- Programas de 3ª idade: 38.000,00 euros/ano
- Festas populares: 100.000,00 euros/ano
- Transporte de adultos: 3.000,00 euros/ano

Total: 243.500,00 euros/ano. Esta supresión terá efectos a partir do 01.01.2019.”-----

**8.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DO PLAN DE AXUSTE DO R.D. LEI 4/2012 DE 24 DE FEBREIRO PARA PODER OUTORGAR COMPLEMENTOS DE PRODUTIVIDADE OU GRATIFICACIÓNS AO PERSOAL DO CONCELLO. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 23 de abril de 2018.**

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, indicou que unha das medidas do Plan de Axuste era que non se podían pagar produtividades nin horas extraordinaria, como mellorou a situación, tráese esta modificación.

A Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita, aludiu a que había dúas cuestións, que tiñan que ser adivinadas pola confusión da proposta, dun lado a posibilidade de abonar horas extras, a partir de agora, a todo o persoal do concello, mesmo cunha partida prevista no orzamento de 2018 de 100.000 euros e, a segunda cuestión, era a posibilidade de abonar horas extras realizadas con anterioridade á decisión que se tome no Pleno. Respecto da primeira, a interveniente dixo que estaba claro que cumpría o requisito esixido polo Ministerio de Facenda e niso remítiase ao comentado no anterior punto, a segunda cuestión era a posibilidade de que o acordo tivese efectos retroactivos e, do que saíu en prensa, parece que había intención, en base a este acordo, de abonar horas extras, que por petición do Sr. Alcalde, realizou a Policía Local no verán pasado e que, a día de hoxe, seguen sen ser abonadas, sen embargo o informe de intervención, en ningún momento, avalaba esa posibilidade, referíase a 2018, preguntado na comisión, o Interventor confirmou que non avalou dita opción co seu informe e chegou a pedir que se retirase o asunto da orde do día. A concelleira no uso da palabra indicou que, ante a incongruencia existente entre a proposta e o informe de intervención, xéranse dúbidas, que deberían ser aclaradas antes de someter este punto a votación, sendo o mais responsable que o Sr. Alcalde retire este punto da orde do día, aínda que non creía que o fixese, outra posibilidade sería aclarar que o que se está a aprobar, é a modificación dunha medida que operará a partir de hoxe, sen efectos retroactivos. A interveniente quixo deixar claro que non estaba en contra de que se abonen esas cantidades á Policía Local, senón de que se faga de forma ilegal, porque advertiu desde o principio que esas horas no ían poder pagarse, que o

que estaba a facer o **Sr. Alcalde** era enganar ao persoal, porque no fondo sabía que non podía pagarse, relatando que o **Sr. Alcalde** convocou unha reunión coa Policía Local fai uns días, na que ademais de faltarlle ao respecto ao persoal, dixo que non podía pagar as horas extras pola miña culpa, cando o certo é que son unha concelleira de 17, finalizando para dicir que, se ao final a decisión é de non pagar, será porque saben que, de facelo, estaríase cometendo unha ilegalidade, non sendo o problema a miña persoa, senón a lei, que se está a intentar burlar é que vostede prometeu algo, sabendo que non podería cumprilo.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, apuntou que este punto fixo saltar chispas na comisión, falouse de retirar o punto e non se fixo, o certo é que a Policía está a traballar pola noite e facendo horas, tendo que cobralas, como calquera traballador, o diñeiro o hai, pero teñen que clarificar como se vai facer coas horas extras do ano pasado da Policía local, engadindo que podía votar a favor ou absterse, pero está claro que non votará algo que poida incorrer nunha ilegalidade, engadindo que o problema o vai a ter o **Sr. Alcalde**, se non lle pagan á Policía Local as horas do ano pasado e que, como ademais aquí están representantes, me gustaría que me clarificaran cono van facer.

A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto**, indicou que non ía repetir o dito pola **Sra. Rodríguez Búa** e pedíulle ao Sr. Interventor que aclarase este punto, engadindo que as horas extraordinarias fixéronas e se deben pagar, pero hai unha palabra que é retroactividade, entón eu tamén necesito que se me aclare.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, dixo que cando o **Sr. Martín González** volveu á alcaldía, pediu un esforzo á Policía, que ía ser recompensado, pero unha das súas virtudes non é a prudencia e hai circunstancias legais polas cales un non pode ter todo o que quere, nin pode prometer todo o que quere, porque ao mellor resulta que colisiona coa lei. Ao innterveniente, desde o punto de vista colectivo, parécelle unha falta de respecto estar sempre co asunto da Policía Local, como se fosen os únicos traballadores do concello que fan un sobreesforzo e non é por descualificar a ninguén, simplemente é adecuado empezar a falar dun futuro, agora que xa hai posibilidades reais, porque chegouse a un punto no que non se podían pagar nin complementos salariais, nin tampouco horas extras, circunstancia que se corrixe agora, despois de vir de onde vimos. O concelleiro no uso da palabra sinalou que non cría que ninguén recoñeza unha retroactividade aquí e, está convencido de que a ninguén se lle vai ocorrer transformar en produtividade os traballos realizados o ano pasado e remata para dicir que é cansino chegar aquí e falar sempre desta problemática, debido as imposibilidades que se dan, en termos legais, de poder pagar, pero se non se podía, non se podía, poderase de agora en diante, unha vez modificadas as condicións económicas deste concello.

O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, explicou que, no orzamento do 2017, xa estaban incorporados 100.000 euros para retribucións deste tipo e, no 2018, tamén e que o único que se leva é a modificación do Plan de Axuste sobre a produtividade e as gratificacións ao persoal do concello e, despois, que cada un faga as suposicións que queira, precisando que todos os traballadores deste concello, sobre todo na época estival, fan un esforzo, pero cando entramos en xuño, o gran problema que existía neste concello era de seguridade, pola actuación que tivo a **Sra. Rodríguez Búa** o verán anterior, gastando 20.000 euros en seguridade privada, que non valeu absolutamente para nada e nós investimos en persoal propio 23.000 euros e parece que isto é un desastre, menos mal que están de acordo en pagar, porque senón estaríamos no

xulgado sen facer nada, o que doe foi o gran éxito do pasado verán, sendo o responsable de seguridade o **Sr. Martín González**. O interveniente proseguiu falando da retroactividade, sinalando que existe e poñendo o exemplo do pago de horas extras do pasado ano, por unha sentenza xudicial, con carácter retroactivo, tamén o Art. 39.3 da Lei 39/2015, alude a eficacia retroactiva excepcionalmente. Respecto do comentario da prudencia do **Sr. Alcalde**, o interveniente aludiu a que a gran preocupación dunha persoa responsable, como o **Sr. Martín González**, foi que no verán non désemos a imaxe lamentable do verán de 2016 e claro que pediu un esforzo á policía. Por último preguntou á oposición se pensan que non se vai pagar, engadindo que o tempo poñerá a cada un no seu sitio, dará ou quitará a razón, destacando que agora o único problema é se se paga ou non o 2017, pola retroactividade.

A **Sra. Rodríguez Bua** destacou varios comentarios feitos polo **Sr. Guisasola Padín**, como o de que grazas á promesa que se fixo, a policía local traballou, iso que quere dicir, ¿que antes non traballaba? En canto a que o orzamento do 2017 contemplaba esa partida, a interveniente precisou que nese orzamento contemplábase unha partida que non se puido usar e saberá que ese presuposto está liquidado e xa non se poden utilizar eses cartos previstos por vostedes, dunha forma utópica, no ano 2017, preguntando porque non o puideron usar. A concelleira no uso da palabra alegrouse de escoitar que non se está a valorar o da retroactividade, aínda que parece que se, segundo despréndese da confusión da proposta e mesmo manifestouse á prensa, engadindo que a policía ten unha solución, que tamén apuntaba o anterior interveniente, xa que nun problema, que pasou a relatar e que non era igual, porque non prometeu nada a ninguén, sabendo que non podía facelo, de cando foi concelleira de persoal, xa que había unhas horas extras do servizo de emerxencias, que se realizaron con antelación e que non se podían abonar polo Plan de Axuste e a solución que tiveron e que, probablemente, por desgraza, sexa a que teña que emprender a policía, foi reclamar xudicialmente, porque os actos xurídicos, como o acordo que se tome hoxe aquí, non teñen eficacia retroactiva en ningún caso, agás que extraordinariamente o contemple a lei expresamente, cousa que aquí non ocorre, habendo a excepción das sentenzas xudiciais, que están por encima de calquera acordo plenario. Por iso, probablemente, a única vía que terá a policía local para poder cobrar estas horas, sexa facer o mesmo camiño que no seu día emprenderon os traballadores de emerxencias, acudir á vía xudicial, co que, unha vez mais, o **Sr. Martín González** aboca ao Concello de Sanxenxo a un procedemento xudicial.

O **Sr. Agís Balboa** incidiu en que foi verdade que a policía fixo o traballo o ano pasado e hai que pagarlles, aludindo a que o **Sr. Guisasola Padín** sinalou que este acordo non contemplaba este pago, pero son cousas que van totalmente asociadas e, coñecendo ao **Sr. Martín González**, seguramente ten algo mais, porque se á Policía Local de Sanxenxo non se lle pagan as horas, o ano que vén non as farán, lendo a continuación o texto do artigo citado polo **Sr. Guisasola Padín**, pedindo que expliquen o que quere dicir e como se poden pagar estas horas, se con carácter retroactivo ou a través dun proceso xudicial.

Sendo as **14:10**, auséntanse da sesión o concelleiro **Sr. Domínguez Piñeiro**, do **Grupo Municipal do Partido Popular** e a **Sra. Fernández Agraso**, concelleira do **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**.

O **Sr. Otero Domínguez**, referíndose ao punto da modificación do Plan de Axuste do concello, referido ao apartado de persoal, indicou que a primeira condición é que o que traballa, ten que cobrar, non é o primeiro conflito existente co tema da policía local, aínda que aquí hai mais persoal,

aludindo a continuación, a que non se pagou no ano 2017, estando reflectido no orzamento, porque estaba pendente da modificación do Plan de Axuste. O interveniente dixo que o **Sr. Guisasola Padín**, como concelleiro na materia, foi autor coa anterior alcaldesa, dun Plan de Axuste que, neste apartado, era suicida nun concello como Sanxenxo, onde ante necesidades do servizo, hai que despregar, desdobrar ou contratar persoal, pero non se podía contratar persoal, nin pagar complementos e horas extras, entón a xente, durante un tempo, ten que soportar ese desdoblamento e despois compensalo en horas, pero iso ase non funciona e o impedimento vén do ano 2012, das medidas urxentes tomadas para corrixir situacións que emanan doutras circunstancias, que nada teñen que ver coa prestación de servizos. Polo tanto non se poden suplir as horas extras pola contratación de persoal, non se pode pagar este tipo de horas e complementos, estando nun túnel sen saída e logo ven o conflito, ata que se poidan dar as condicións de modificación, resulta que persisten estas restricións, que foi o que pasou o ano pasado, estaba no orzamento, pero non estaba autorizado ou non se pagaba porque non se podía e, parece que a única saída, é a compensación en horas do traballado.

O **Sr. Guisasola Padín** manifestou que en dez meses aprobamos dous orzamentos e presentamos esta modificación e o anterior interveniente, en dous anos, non fixo nada, non teño nada mais que dicir, non hai cor na xestión, esta modificación é totalmente legal e intentaremos cumprir cos compromisos.

O **Sr. Agís Balboa** anunciou que ía votar a favor, xa que non se está especificando para quen é, polo que isto pode ser para calquera, o que se advirto é que cando teñan que pagar a débeda, teñan coidado, porque lle aseguro que van a estar controlando o tema e a ver como fan, porque o certo é que, se unha persoa fai horas extras, iso hai que pagalo, pero se utilizan esta ferramenta, iso é unha cousa que decidirá o goberno.

Rematado o debate o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Sr. Agís Balboa, concelleiro do Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 0**

**Abstencións: 4 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sra. González-Haba Pérez do Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).**

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito presentes, adoptou o seguinte acordo:

**“Modificar o plan de axuste, coa supresión desta medida de non outorgamento de complementos de produtividade e gratificacións (e conceptos análogos para o persoal laboral non estatutario), sempre que se produzan as seguintes consideracións, que deben de ser incorporadas ao acordo:**

1º. O aforro en materia de gastos de persoal, deducido do proceso de laboralización do persoal do servizos de limpeza de edificios públicos, debe manterse nos exercicios 2018 a 2022, nun marxe

mínimo de 500.000,00 euros, en comparativa coas obrigas recoñecidas do exercicio de 2011 e elo en termos homoxéneos. Por termos homoxéneos débense entender os artigos 12 e 13 do orzamento, desconsiderando o persoal financiado con ingresos específicos (sexa da Deputación provincial ou de outras administracións territoriais) do artigo 14; e tendo en conta a neutralización do efecto de laboralización, levado a cabo no seu día, do persoal dos servizos de limpeza, xa que a supresión do contrato externalizado por superior contía a do novo gasto de persoal con aforro de case 500.000,00 euros.

2º. En termos de referencia a fin de cada exercicio, incluído o 2018, débense de cumprir todas as medidas de consolidación fiscal e sostibilidade financeira, en especial, o período medio de pago, estabilidade orzamentaria, cumprimento da regra do gasto, cumprimento do límite de gasto non financeiro, nivel de débeda e existencia dun remanente de tesourería positivo para gastos xerais. De incumprirse estes requisitos e medida agora suprimida, no seu caso, tería que volver a implementarse.”-----

#### **9.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECLAMACIÓNS DE GASTOS DE DEFENSA XURÍDICA POR TERCEIROS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 23 de abril de 2018.**

O **Sr. Guisasaola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, explicou que existen unhas reclamacións por gastos de defensa xurídica e aquí, o que se plantea, é unha modificación do orzamento para abordar estes custos, por un lado persoal do concello con gastos de letrados e, por outro, o abono duns gastos no Tribunal Supremo, o que supón uns 230.000 euros.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, sinalou que a lei prevé o reembolso dos gastos de defensa xurídica en casos como este, pero tamén que as cantidades non poderán ser abusivas, neste caso, por defenderse no mesmo procedemento, a uns custoulle 8.000 euros e, a outros, 28.000 euros, o que denota que, probablemente, algunha destas cantidades sexan excesivas. A interveniente engadiu que, tamén se inclúe nesta proposta, outra transferencia de crédito, polo importe de 138.000 euros, das costas ás que foi condenado o concello ao perder a apelación do asunto de Monte Faro, polo que, aínda que intenten que non se note, é outra consecuencia mais da xestión urbanística da época do **Sr. Martín González**.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, díxo que íamos pagar os gastos das imputacións no Concello de Sanxenxo polo urbanismo do PP, da súa época e da **Sra. González Bea** e, á parte de Monte Faro, estaban os famosos chalets de Dorrón, cuns gastos que, ao mellor, ascenderon a 1.000.000 de euros, entre indemnización e avogados e, ao final, iso é un choio, sendo consecuencia de facer as cousas no seu día como se fixeron, de tantos problemas urbanísticos que houbo, tanta xente imputada e, ao final, aínda houbo costas, porque todo o mundo saíu absolto, sen culpables.

Sendo as **14:20**, auséntase temporalmente da sesión o **Sr. Martín González**, presidindo durante este período o Pleno, o 1º Tenente de Alcalde, **Sr. Gonzalo Pita**.

A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto**, indicou que o pasado sempre volve, volveu o **Sr. Martín González** e estamos, outra vez, todos os veciños pagando as consecuencias da política de ladrillo que trouxo, engadindo que, durante os gobernos do PP, non se

formalizou unha póliza de responsabilidade civil, que podería beneficiar aos veciños de Sanxenxo, á parte chámalle a atención a diferenza de custos das defensas duns e doutros. Tamén refíriuse ao dito polo anterior interveniente, de que aquí pasaron moitas cousas, estivo imputada un montón de xente, ninguén é culpable, é verdade que non hai responsabilidade xurídica, pero se debería habela política, non sabendo como SAL apoiou outra vez ao PP e a esa forma de facer, que ademais tanto criticaban.

O **Sr. Otero Domínguez**, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, tomou a palabra para dicir que, aínda que vamos mal de tempo, probablemente porque convocouse esta sesión nunha hora inapropiada, necesitaba que estivese o **Sr. Martín González** para facer a súa intervención, porque tiña dúbidas respecto ao que se plantea aquí e aclarar porqué ven isto a pleno. A pregunta é porque isto non está orzamentado, porque é unha modificación do orzamento recentemente aprobado, para cubrir cuestións que afectan a contías xa coñecidas, lembrando que, polo anterior alcalde, emitíuse unha resolución, onde antes de tomar a decisión de pagar ou non estas cantidades reclamadas en concepto de avogados, enviouse todo ao Tribunal de Contas e ao Consello Consultivo de Galicia, sen prexuízo de que algunha das reclamantes foi á vía contencioso administrativa e dúas sentenzas xa lle deron a razón, son cuestións calculadas e, logo, está a reclamación dos avogados, que é unha cousa absolutamente fóra de toda lóxica e sentido común, relatando que o Concello de Sanxenxo presentou recurso de casación no Tribunal Supremo e resulta que comparecen os avogados da outra parte e non os propios, poderíase, porque hai informes ao respecto, solicitar reclamacións aos profesionais, pero tamén estaba cuantificado e era ineludible o pago de cento trinta e pico mil euros. En definitiva, se todo isto estaba calculado, non era necesario traelo hoxe a pleno en forma de modificación orzamentaria, polo tanto, ¿por que o traemos aquí agora? ¿por que non foi incluído no orzamento? Indicando que cría que era porque ao **Sr. Martín González** interesáballes falar deste tema hoxe aquí, o que tamén sucedía na etapa anterior e, agora, devólvese a xogada, a sabendas de que esta vez é a oposición a que lle vai comentar este escándalo de non comparecer no xuízo no Tribunal Supremo e de non haber unha reclamación aos culpables. O concelleiro interveniente rematou dicindo que, ao **Sr. Martín González**, convénlle que falemos deste tema, porque afecta a un anterior goberno, iso é fogo amigo, porque isto puidérono orzamentar perfectamente, estaba calculado e sabíase con seguridade que había que abonalo, logo non ten sentido que non fose reflectido no orzamento.

Cando estaba a rematar a anterior intervención, sendo as **14:27**, volveu a sesión o **Sr. Martín González**, que pasou a ocupar a Presidencia.

O **Sr. Guisasola Padín**, respecto do dito pola **Sra. Rodríguez Búa** e pola **Sra. González-Haba Pérez**, sobre a diferenza entre os gastos duns e doutros, especificou que había causas diferentes, uns estaban persoados nunha sóa, outros en 4 ou 5, por iso hai unha diferenza tan importante. Contestando ao **Sr. Otero Domínguez**, explicou que a sentenza dunha das reclamantes chegou a este concello o 24 de xaneiro de 2018 e o presuposto elaborouse en novembro ou decembro, non tiñamos a contía, nin os informes xurídicos, vostedes tamén os pediron, pero non fixeron nada, como sempre nós vimos aquí e traemos solucións. Por último o interveniente aclarou ao **Sr. Agís Balboa**, que un erro administrativo pode existir, pero é un erro, o que se hai é a presunción de inocencia nun caso penal, que ten que respectarse e, mais, cando foron desimputados.

O **Sr. Otero Domínguez** referíndose á xustificación feita polo **Sr. Guisasola Padín** en base á sentenza dunha das reclamantes, dixo que a outra cantidade estaba clara de antemán e, debería estar



orzamentada, non había nada que o impedise, o que se hai que facer é pedirle danos e prexuízos aos representantes xurídicos do Concello, pola non presentación do recurso de casación. A continuación o interviniente indicou que aquí paga sempre o pobo, pagou demolicións de chalés, indemnizacións, desaparición de documentos de expedientes urbanísticos, informes de sanidade, convenios anticipados “do comido polo servido”, pagou intereses, pagou sentenzas e segue pagando e vostedes dirán que aquel non era noso, foi da época do que veu despois, non porque eu cando cheguei aquí, como estaba todo isto , pero ao final, o que sae queimado, é o pobo.

O **Sr. Guisasola Padín** indicoulle ao Sr. Otero Domínguez que neste mesmo salón de plenos, pediu a dimisión dos políticos imputados, o que podía entender, pero tamén o despido dos técnicos imputados. O interviniente proseguíu dicindo que o anterior goberno gastou máis de 40.000 euros en auditorías de só 8 casos e, resulta, que todo está feito correctamente, cos informes correspondentes, entón non se debe vir a dar leccións. A continuación recomendou a lectura da sentenza do SAU 13, concretamente as páxinas 24 ao 27, precisando que isto era un convenio do 2006, onde houbo que devolver uns cartos, que se investiron para comprar Punta Vicaño, cando o anterior interviniente insinuou que foi responsabilidade patrimonial, pero non era iso, só devolveuse o que nos adiantaron, volvendo a sentenza hai dúas datas, febreiro de 2007, na que se respecta o espírito do convenio de 2006 e marzo do 2007,

onde hai unha novación, a que se prestou o concello e que foi un erro, engadindo que había que fixarse quen gobernaba en cada data e que, persoalmente, pediu responsabilidades no seu momento, onde tiña que pedilas, tendo a conciencia ben tranquila, polo tanto hai que apuntar ben, podendo debater este asunto cando queiran.

Rematado o debate o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).**

**Votos en contra: 0**

**Abstencións: 5 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).**

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito presentes, adoptou o seguinte acordo:**

“Aprobar unha modificación orzamentaria consistente nunha transferencia de crédito entre aplicacións de diferentes áreas de gasto, sendo a aplicación cedente de crédito a 45302 62300 e a cesionaria ou receptora a 92001 22604, por importe de 80.293,63 euros no caso de persoal ou expersoal do Concello é de 138.070,51 euros, no caso de custas do recurso de apelación 4439/2011.”-----

**10.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE AMORTIZACIÓN EXTRAORDINARIA DE DÉBEDA FINANCEIRA.** O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio** do **23 de abril de 2018.**

Non se produce debate e o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, que foi aprobada por unanimidade de todos os coporativos presentes e, en consecuencia, **o Pleno da Corporación Municipal, adoptou o seguinte acordo:**

“Aprobar unha modificación orzamentaria sobre o orzamento de 2018 consistente nun suplemento de crédito, suxeito aos mesmos trámites que os previstos para a aprobación orzamentaria e financiado co remanente de tesourería para gastos xerais deducido da liquidación do exercicio de 2017 e polo importe de 771.080,76 euros, coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 12.5 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, evitando así a comisión dunha infracción moi grave en materia económico-financeira, segundo dispón a Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia e acceso á información pública e bo goberno.”-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión sendo as catorce horas e trinta e oito minutos, de todo o que, eu secretario **dou fe:**